



Concello de Outeiro de Rei

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DA BIOMASA

Artigo 1º- Feito Imponible,

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade realizada polo Concello de Outeiro de Rei como consecuencia do incumprimento polos particulares dos deberes de xestión da biomasa vexetal recollidos na lexislación forestal e máis na ordenanza municipal.

Estará suxeito á presente taxa:

- a) A tramitación de expedientes de xestión da biomasa.
- b) A tramitación de expedientes de reposición do dominio público alterado como consecuencia de accións decorta, depósito ou saca de madeira.
- c) A tramitación de expedientes de comunicación previa de corta e saca de madeira.
- d) A realización de actuacións de recuperación do dominio público viario.

Artigo 2º- Base imponible.

Constitúe a base imponible da taxa o custe estimado da actividade realizada, integrado polos gastos derivados da intervención do persoal e do material necesarios para a súa realización.

Artigo 3º- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, os titulares do dereito real de aproveitamento das parcelas cuxa xestión forestal orixine a actuación municipal.

No suposto da tramitación de expedientes de comunicación previa ou de reposición do dominio público viario terán a condición de substitutos do contribuínte as empresas ou profesionais que realicen as actuacións de corta ou saca de madeira.

Artigo 4º- Cuota tributaria.

As cuotas tributarias son as seguintes:

1. Tramitación de expedientes de xestión da biomasa: 100 euros.
2. Tramitación de expedientes de reposición do estado das vías asfaltadas alteradas como consecuencia de accións de corta, depósito ou saca de madeira: 300 euros.
3. Tramitación de comunicacións previas de corta e saca de madeira: 20 euros.
4. Realización de actuacións de recuperación do dominio público viario:
 - a) Retirada de árbores caídos sobre vías asfaltadas e cuxo pé se atopase a unha distancia inferior aos 10ml. da arista exterior da explanación: 100 euros polo primeiro árbore e 50 euros por cada un dos seguintes árbores retirados na mesma actuación.

No suposto de actuacións en solo de núcleo rural, a distancia do vial redúcese a 5 ml.

- b) Recuperación do voo de vías asfaltadas mediante a poda en altura das polas das árbores que o invadan: 20 euros por cada metro lineal de poda.



Concello de Outeiro de Rei

Artigo 5º - Xestión da taxa.

No suposto de tramitacións de expedientes, a taxa devéngase no momento de presentación co inicio do expediente correspondente e a obriga de pago iníciase coa liquidación tributaria xirada a tal efecto pola Administración.

No suposto de realización de actuacións de recuperación do dominio público viario a taxa devéngase no momento de realización da actividade e a obriga de pago iníciase coa liquidación tributaria xirada a tal efecto pola Administración.

Disposición derogatoria.

Queda derogada o seguinte apartado contido no artigo 4º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos:

Taxa por expedición de ordes de xestión da biomasa vexetal derivadas do incumprimento do titular da obriga de xestión: 80 euros/parcela.

Disposición final – Entrada en vigor

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

[Ordenanza aprobada na sesión plenaria deste concello de data 25/02/2021. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 54 de 08/03/2021].